

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
19 novembro 2017

**TRABALLAREI agradecido
os TALENTOS que me confías.**

1. VER: “Tes talento”.

- Utilizamos ás veces expresións como “tes moito talento”, “sóbrache talento” ou “é un talento”. Dialogamos polo alcance destas expresións. No colexio e na parroquia descubrimos a persoas que brillan polo seu talento na música, o fútbol, os estudos, a simpatía, o baile... dialogamos sobre o que sobresaen algúns deles.

- Diriamos que todos temos uns talentos, é dicir, calidades, capacidades, posibilidades, oportunidades...

Cales son os teus?

2. XULGAR: Hal que traballar os talentos recibidos.

- No evanxeo deste domingo (ao final do tempo ordinario), Xesús cunha parábola do Reino explícanos que a cada un de nós Deus dámos uns talentos, calidades, oportunidades... A un dálle 5 a outro 2 e a outro 1. Ao final da vida pediranos o balance da nosa xestión.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1. Todos temos máis calidades e posibilidades das que cremos.

- Sabemos facer moitas cousas e se nos preparamos saímos adiante sempre.

2. É de xustiza ser agradecidos co que Deus nos regala

- As nosas calidades son un agasallo de Deus.

-Sexamos agradecidos por todo o que recibimos del. Xa o di o refrán: “É de ben nados ser agradecidos”. Todo é don, todo é agasallo seu. Dialogamos sobre o que debo agradecer.

3.Non abonda con ter talento, é necesario o esforzo e o traballo.

-Teño que esforzarme por desenvolver as capacidades, sen esforzo e sen constancia non se consegue nada. E a vida faise estéril. Detrás dunha vitoria sempre hai sacrificio, esforzo, traballo, constancia. Hai que ser responsable en todo o que facemos así daremos moito froito no que realizamos. Aproveita o tempo.

4.Desenvolve os teus talentos para facer felices aos demais.

-Se queremos servir, axudar, ser útiles aos demais... o camiño é desenvolver as nosas capacidades. Así sucede ao que aprende a facer casas, ou o que quere curar enfermos, só lle queda capacitarse. Así estarás satisfeito co traballo ben realizado e o deber cumprido.

Que talentos recibiches? En que debes esforzarte máis?

3. ACTUAR: Ponte ao servizo dos demais.

- Sé agradecido co que tes, hai xente con máis limitacións que ti.

-Valora moito o esforzo e a constancia: “fai máis o que quere que o que pode”.

-Contade o conto dos 3 porquiños e dicide que lle pasou e buscade a súa ensinanza. Pensade nalgúen que ten algunhas limitacións e pensade en que ides axudarlle. -A igrexa celebra a I Xornada mundial dos Pobres...

Que vas facer? E en grupo?

LECTURAS

- **Proverbios 31,10-31: Traballa coa destreza das súas mans**
- **Salmo 127: R/. Ditosos os que escoitan a palabra de Deus, e a viven cada día.**
- **1ª Tesalonicenses 5,1-6: Que o día do Señor non vos sorprenda como a un ladrón.**
- **Mateo 25, 14-15. 19-21: Como fuches fiel no pouco, entra no gozo do teu Señor.**

Narrador: Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos esta parábola:

Xesús: «Un home, ao irse de viaxe, chamou aos seus servos e deixouos ao cargo dos seus bens: a un deixoulle cinco talentos, a outro dous, a outro un, a cada quen segundo a súa capacidade; logo marchou. Ao cabo de moito tempo vén o señor daqueles servos e ponse a axustar as contas con eles. Achegouse ao que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco, dicindo:

Empregado 1: -Señor, deixáchesme cinco talentos; mira, gañei outros cinco?.

Xesús: O seu señor díxolle:

O señor: - Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor».

Xesús: Achegouse logo o que recibira dous talentos e dixo:

Empregado 2: -Señor, deixáchesme dous talentos ; mira, gañei outros dous.

Xesús: O seu señor díxolle:

O señor: -Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor.

Xesús: Achegouse tamén o que recibira un talento e dixo:

Empregado 3: - Señor, sabía que es esixente, que segas onde non sementas e recolles onde non esparexes, tiven medo e fun esconder o teu talento baixo terra. Aquí tes o teu.

Xesús: -O señor respondeulle:

O señor: -Es un servo negligente e folgazán. Conque sabías que sego onde non semento e recollo onde non esparexo Pois debías poñer o meu diñeiro no banco, para que, ao volver eu, puidese recoller o meu cos intereses. Quitádelle o talento e dádello ao que ten dez.

Palabra do Señor.

Narrador-Xesús-Empregado 1-Empregado 2-Empregado 3-O señor).